# LEO BASSI
## *El último bufón*

### A COMPAÑÍA

Leva o circo no sangue. Fai seis xeracións, un devanceiro de Leo Bassi loitou á beira de Garibaldi antes de crear un dos primeiros circos modernos da Toscana. Pola outra beira familiar, co auxe do vaudeville, o seu avó británico, Jimmy Wheeler, era unha das estrelas do London Palladium antes de ser pioneiro en televisión nos primeiros anos da BBC. Bassi, máis aló de continuar coa tradición familiar, salvagarda un propósito: manter vivo o espírito provocador que caracterizaba o selo dos Bassi. Porque Leo é un bufón, un home comprometido que considera que o pallaso ha de mirar directamente ao poder, mofarse del e denuncialo mediante a risa.

### O ESPECTÁCULO

En *El último bufón*, Leo Bassi repasa os seus 40 anos de traxectoria teatral a través dun descubrimento realizado pola irmá de Leo, Joanna, no arquivo da Fundación Lumière en Lyon, Francia. En maio de 1896, os Irmáns Lumière filmaran ao seu bisavó Giuseppe e ao seu tío Giorgio cando ambos traballaban no Circo Rancy da mesma cidade de Lyon. Son gravacións moi valiosas, probablemente as primeiras imaxes en movemento de pallasos da historia, que nos remontan a tempo a unha era na que Europa aínda tiña toda a súa inocencia e o desexo de vivir.

A partir destas películas, Bassi pon en escena un espectáculo intenso pero ao mesmo tempo divertido no que analiza o "paraíso perdido" do mundo dos bufóns, cunha comicidade diferente do humor irónico e cínico dos cómicos de hoxe en día. Leo Bassi descende dunha antiga liñaxe de comediantes excéntricos e de pallasos circenses vindos de Italia, Francia, Inglaterra, Austria e Polonia. Durante 170 anos, a familia actuou ininterrompidamente.

Dela herdou non só sorprendentes habilidades -é sumamente experto como antipodista (malabarista cos pés)-, pero tamén este espírito libertario, irreverente e cosmopolita, esencia do circo do século XIX.

**www.culturactiva.org**

**FICHA ARTÍSTICA**

Elenco: Leo Bassi
Dirección: Leo Bassi
Xéneros: comedia
Duración: 90 minutos
Público: adulto

**info** **ver vídeo**